


## DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECAS

### CONTAMOS EN IGUALDADE

Os rapaces disfrutarán dunha divertida sesión chea de contos. Esta sesión de contacontos fará as delicias do público infantil sesión de contos coa temática da igualdade e a convivencia. Durante a hora que dura o repertorio de contos farase reflexionar os máis pequenos sobre a igualdade, as diferenzas entre homes e mulleres, a integración, a cooperación, a coresponsabilidade, ... todo dun modo moi lúdico e divertido. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 200 €



### CONTACONTOS "CONTOS DE CORES"



Os máis pequenos disfrutarán moísimos desta sesión de contos xa que está apoiada nas novas tecnoloxías. A idea é introducir aos máis pequenos o amor cara os libros utilizando a vistosidade e coloridos que poden ofrecer as súas ilustracións. Dirixido a rapaces e rapazas a partir a partir 3 anos. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 230 €

### CONTAMUNDOS



Durante esta sesión de contacontos poderemos viaxar polo mundo gracias ás diferentes historias. Pasaremos por Arxentina, Israel, Bolivia, Finlandia, México, Cuba, Canadá,... tendo como única limitación o tempo. Aprenderemos das diferentes personaxes que nos vaíamos atopando nos cinco continentes interesantes peculiaridades e curiosidades maravillosas que todas as culturas do mundo teñen. Ideal para conmemorar o DIA DA PAZ ou para tratar o tema da interculturalidade. Para nenos e nenas a partir de 4 anos. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 190 €

### CREACIÓN DO NOSO PROPIO LIBRO

Neste obradoiro grazas a imaxinación de tódolos rapaces participantes chegaremos a creación dun libro entre tod@s e de tod@s que logo quedará exposto na biblioteca, para que o poidan amosar ós seus compañeiros, e facerlles ver que a súa obra tan importante ou máis que calquera outra. Os nenos e nenas coa axuda das monitoras elaborarán (escribindo e debuxando) o seu primeiro libro. Os nenos e nenas, repartidos en bloques de idades, escollerán de que se van encargar neste traballo cooperativo, da ilustración, da escritura, da encadernación ... Ó final da sesión obteremos un maravilloso libro ¡onde os autores seremos todos! Duración: 90 minutos. **Prezo:** 270 €



## DADA O DUENDE

Os rapaces disfrutarán dunha divertida sesión chea de contos que lles irá relatando un duende chamado "Dada", co obxectivo de fomentar o hábito lector entre os nenos e as nenas. Esta sesión de contacontos fará as delicias do público infantil gracias ós contos divertidos e amenos adaptados á súa idade. Dirixido a rapaces e rapazas a partir de 3 anos. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 190 €



## DENTRO DUN CONTO



Con técnicas básicas de dramatización, conseguirase adentrar ás/ós rapazas/es no interior dun conto e facelos protagonistas. Os obxetivos que alcanzaremos serán os de mellorar a súa autoestima, o seu nivel de concentración, achegalos ao maravilhoso mundo dos contos,... e sobre todo pasar un rato divertido. Dirixido a rapaces e rapazas a partir de 3 anos. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 200 €

## DIVERTIDOS MARCAPÁXINAS

O público miúdo disfrutará creando un ou varios marcapáxinas utilizando distintas técnicas e materiais, para logo poder utilizar no momento en que lean os seus libros na casa. Duración: 90 minutos. **Prezo:** 200 €



## GRAN XOGO SOBRE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Este gran xogo servirá para medir o nivel de coñecemento sobre o Día das Letras Galegas entre os/as participantes. Por exemplo ¿por qué o Día das Letras Galegas se celebra o 17 de Maio e non outro día? ¿Quén é o autor homenaxeado este ano? O xogo desenrolarase por grupos para motivar a cooperación entre eles. Ademais de iso os/as nenos/as deberán superar probas coma a realización dun poema, deletrear vocablos, ou a definición de palabras "complicadas" segundo as tiradas que fagan co dado xigante. Ao final do xogo, cada participante recibirá un **PREMIO** pola súa participación no "Gran Xogo sobre o Día das Letras Galegas" Duración: 90 minutos. **Prezo:** 260 €

## GRAN XOGO SOBRE O DÍA DO LIBRO



Este gran xogo servirá para medir o nivel de coñecemento sobre o Día do Libro entre os rapaces e rapazas participantes. Por exemplo ¿por qué o Día do Libro se celebra o 23 de Abril e non outro día? O xogo desenrolarase por grupos para motivar a cooperación entre eles. Ademais de iso os/as nenos/as deberán superar probas coma a realización dun poema, deletrear vocablos, ou a definición de palabras “complicadas”.

Duración: 90 minutos. **Prezo:** 260 €

## LIBRO XIGANTE

Neste obradoiro grazas a imaxinación de tódolos rapaces participantes chegaremos a creación dun conto xigante entre todos e de todos que logo quedará exposto no lugar onde se faga a animación. Duración: 90 minutos. **Prezo:** 270 €



## XOGANDO COAS LETRAS (poesía)



Os nenos e nenas participantes terán a oportunidade de pasar unha sesión disfrutando da poesía. Tamén se achegarán á creación propia de poemas gracias a axuda das monitoras que lle darán técnicas para aumentar e mellorar a súa creatividade. Dirixido a rapaces e rapazas a partir a partir dos 6 anos. Duración: 60 minutos. **Prezo:** 200 €

## AZAROSOS CREALIBROS



Os nenos e nenas participantes descubrirán o sinxelo que pode ser crear un conto, e o divertido que chega a facerse cando se realiza en grupo. Coa axuda dos monitores que os guiarán para que deixen voar a súa imaxinación e chegar a crear o conto. Neste conto todo vale, ningunha idea é máis válida ca outra, todo ten cabida neste conto, non hai limitacións porque é o noso conto. Dirixido a rapaces e rapazas a partir a partir dos 5 anos. Duración: 90 minutos. **Prezo:** 270 €

## AS NOSAS MARIONETAS DENTRO DUN CONTO

A primeira hora realizaremos marionetas personalizadas en función dos gustos e preferencias de cada participante, utilizando sinxelas técnicas de elaboración de títeres. Logo divididos en grupos crearemos unha historia para representala diante dos demais participantes. Dirixido a rapaces e rapazas a partir a partir dos 5 anos. Duración: 90 minutos. **Prezo:** 260 €

